

Estatística do gasto dos non residentes en Galicia

METODOLOXÍA

1. Obxectivos da investigación

O obxectivo básico da enquisa é coñecer o volume e a estrutura do gasto dos viaxeiros non residentes que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia. Así poderá coñecerse o impacto económico que supón este tipo de viaxeiros na economía galega.

Ademais, posto que o informante último é o demandante do servizo, o viaxeiro, esta estatística vai ser utilizada para coñecer o seu perfil socio-demográfico, así como outras características xerais da viaxe.

Así mesmo, a información que proporciona esta estatística constitúe un dos elementos que se empregarán na elaboración das Contas Económicas de Galicia.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

Nesta estatística considérase como **poboación obxecto** de estudio o conxunto de viaxeiros non residentes que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia. Isto implica asumir:

- Que vai ser estudado o gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro durante a súa estancia en Galicia, aínda que viaxe por un motivo distinto dos cualificados coma turísticos.
- Que este gasto será analizado para o conxunto dos viaxeiros non residentes que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia, que representan aproximadamente o 70% dos viaxeiros deste tipo de establecementos.
- Que se analizará o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia independentemente do tipo e categoría do mesmo, que representan aproximadamente o 90% dos viaxeiros dos aloxamentos turísticos de Galicia (establecementos hoteleiros, casa de turismo rural, campamentos e apartamentos turísticos).

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico desta estatística é todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito temporal

A estatística deséñase con carácter continuo e periodicidade trimestral.

3. Definicións

As variables a analizar pódense agrupar en catro apartados diferenciados:

Gasto

Enténdese todo gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro na súa estancia en Galicia. Esta variable intenta avaliar a dimensión e o impacto que supoñen para a economía galega os viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia.

Para o seu estudo, solicítase ao viaxeiro que cuantifique a cantidade de diñeiro gastada en media por persoa e día na súa estancia en Galicia.

Para coñecer a súa estrutura, pregúntaselle pola desagregación do gasto nas seguintes partidas:

- **Paquete turístico:** gasto realizado na adquisición dun conxunto de servizos, entre os que deben de atoparse algunha opción de aloxamento e desprazamento, que se venden por un prezo global, sen que o comprador sexa consciente de canto paga por cada un dos seus compoñentes.
- **Aloxamento e pensión:** gasto realizado en concepto de aloxamento no establecemento no que está hospedado. Incluirá os gastos de comida no establecemento se están incluídos no prezo de aloxamento pactado. Neste apartado se recollen as opcións de aloxamento, aloxamento e almorzo, media pensión (aloxamento, almorzo e a comida ou cea) e pensión completa (aloxamento e todas as comidas).
- **Comida en restaurantes e cafeterías:** gasto distinguible do realizado no concepto de aloxamento que se realiza en restaurantes, cafeterías, bares, incluíndo comida, bebida e aperitivos.
- **Comida adquirida en comercios:** gasto realizado na compra de comida, bebida e aperitivos en comercios especializados en produtos de alimentación.

- **Desprazamentos dentro de Galicia:** gasto realizado no transporte en Galicia, xa sexa en transporte público, taxi, utilización de vehículo propio ou alugado, incluíndo o custo do combustible, tarifas de aparcamento, aluguer do vehículo, etc..
- **Compras de agasallos, recordos e outros artigos:** gasto realizado en artigos adquiridos para levar ao lugar de residencia do entrevistado, tais como recordos, roupa, zapatos, e outros consumidos durante a súa estancia en Galicia.
- **Ocio:** gasto efectuado en tratamentos de beleza, perruquerías, guías turísticos, actividades deportivas, aluguer de equipo, actividades culturais, entradas a distintos eventos, atraccións e outros gastos recreativos, aínda que se adquirisen por adiantado.
- **Outros:** gasto realizados en congresos ou reunións, como gastos de inscrición, fotocopias, programas, seguros, chamadas telefónicas, franqueo postal, revelado (ordinario ou dixital) de soportes fotográficos, de vídeo ou de son, etc..

Perfil socio-demográfico do viaxeiro

As variables incluídas neste apartado teñen como obxectivo coñecer as características socio-demográficas básicas dos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia:

- Sexo e idade do entrevistado. Ademais do sexo, establecéronse 6 grupos de idade: ata 18 anos, de 19 a 28 anos, de 29 a 40 anos, de 41 a 50 anos, de 51 a 65 anos e máis de 65 anos.
- Estado civil do entrevistado.
- Nivel de estudos do entrevistado: analfabeto, estudos primarios, educación secundaria e educación superior.
- Situación laboral do entrevistado: estudante, autónomo/a, asalariado/a sector público, asalariado/a sector privado, xubilado/a - retirado/a, labores do fogar, parado/a, outros.
- Lugar de residencia do entrevistado: trátase da comunidade autónoma de residencia habitual dos viaxeiros españois non residentes en Galicia, e do país de residencia habitual dos viaxeiros estranxeiros non residentes en Galicia.

Características xerais da viaxe

Para analizar o comportamento dos viaxeiros obxecto de estudio na súa estancia en Galicia investíganse as seguintes variables:

- Motivo do desprazamento: coñecer o medio natural e paisaxes, coñecer a súa cultura e costumes, busca de tranquilidade e descanso, fidelidade ao lugar de destino, razóns familiares ou de amizade, dispoñer de casa propia, motivos de estudo, motivos de traballo/negocios, e outros motivos.
- Primeira visita a Galicia: distínguese aos viaxeiros que visitan Galicia por primeira vez.
- Método de transporte principal para acceder a Galicia: coche, autocar, avión, tren, barco e outros.
- Duración prevista da estancia no establecemento.

Valoración da súa estancia en Galicia

Pídeselle aos viaxeiros que puntúen de 0 a 10 a valoración da súa estancia en Galicia.

4. Deseño metodolóxico

A principal dificultade existente no deseño metodolóxico da operación radica no descoñecemento da poboación obxectivo, que deriva no emprego de mecanismos deterministas de selección. Non obstante, para facilitar o procedemento, empregáranse técnicas de mostraxe probabilística nun ámbito que resulta non probabilístico.

Tipo de mostraxe

Dadas as especiais características deste estudio, partiuse dunha estratificación inicial da poboación de establecementos hoteleiros de Galicia en función da provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e categoría¹ dos mesmos (1 e 2, 3, 4 e 5 estrelas). Deste xeito considéranse 16 estratos, 14 na práctica, o non existir establecementos hoteleiros de 5 estrelas nas provincias de Lugo e Ourense, e aplicase o deseño dun mostraxe aleatorio estratificado.

A determinación dos tamaños e erros mostrais realizase a partir da expresión para o cálculo da varianza no trimestre t de investigación,

$$V = V(\hat{X}^t) = \frac{1}{N^2} \sum_{h=1}^L N_h (N_h - n_h) \frac{S_h^{2,t}}{n_h}$$

Onde:

¹ As categorías de unha e dúas estrelas trátanse en conxunto nun so grupo

$$\hat{X}^t = \sum_{h=1}^L \hat{X}_h^t$$

$S_h^{2,t}$ é a cuasivarianza poboacional do gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros do estrato h no trimestre t de estudio.

Minimizando V nos n_h , de xeito que $n = \sum_h n_h$, e tomando $\alpha = 0,05$ e polo tanto $z_{\alpha/2} = 1,96$ obtense a afixación óptima de Neyman

$$n = \frac{\left(\sum_h \frac{N_h}{N} S_h \right)^2}{\frac{e^2}{1.96^2} + \frac{1}{N} \sum_h \frac{N_h}{N} S_h^2}$$

O número de enquisas obtido deberá ser representativo da poboación obxecto de estudio, para o que haberá que garantir unha axeitada distribución das mesmas tanto no espacio como no tempo.

Distribución das enquisas no espacio

Ante a imposibilidade de seleccionar "a priori" os viaxeiros a entrevistar no trimestre de referencia, o esforzo centrase na axeitada distribución trimestral dos establecementos hoteleiros nos que se realizarán as enquisas, de modo que os viaxeiros que resulten entrevistados representen axeitadamente ao conxunto do universo investigado ao longo do trimestre de estudio.

De cara a garantir un axeitado equilibrio entre custo / beneficio no desenvolvemento da operación e do traballo de campo, considérase conveniente establecer un número mínimo de enquisas a realizar por establecemento a visitar no trimestre. Este número estableceuse en 25 e, ademais, adoptouse o criterio de que todos os trimestres estean representados tódolos estratos de establecementos hoteleiros.

Deste xeito cada trimestre determínase o número de establecementos a visitar por estrato como o número enteiro inferior mais próximo do cociente entre o número de enquisas por estrato e 25 enquisas por establecemento, cun mínimo de un establecemento por estrato.

A distribución xeográfica do número de establecementos a visitar faise a partir dunha substratificación dos establecementos hoteleiros en agrupacións comarcais do seguinte xeito:



<i>PROVINCIA DE A CORUÑA</i>	
01	A Coruña
02	Santiago
03	Norte: Ortegal, Ferrol e Eume
04	Oeste: Betanzos, Terra de Melide, Arzúa e Ordes
05	Leste: Bergantiños, A Barcala, Terra de Soneira, Fisterra e Xallas
06	SurOeste: Muros, Noia, Barbanza e O Sar
<i>PROVINCIA DE LUGO</i>	
07	Lugo
08	A Mariña Occidental
09	A Mariña Central e Terra Chá
10	A Mariña Oriental
11	SurOeste: A Ulloa, Chantada, Terra de Lemos e Sarria
12	Leste: Quiroga, Os Ancares, A Fonsagrada e Meira
<i>PROVINCIA DE OURENSE</i>	
13	Ourense
14	Oeste: O Carballiño, O Ribeiro e Terra de Celanova
15	Sur: Baixa Limia, A Limia, Verín e Viana
16	NorLeste: Allariz- Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras
<i>PROVINCIA DE PONTEVEDRA</i>	
17	Pontevedra
18	O Salnés
19	Vigo
20	O Baixo Miño
21	Interior: O Condado, A Paradanta, Deza, Caldas e Tabeiros-Terra de Montes
22	Morrazo

En primeiro lugar determínase o número de establecementos a visitar por estrato e agrupación comarcal distribuindo o número de establecementos a visitar por estrato de xeito proporcional ao número de establecementos hoteleiros existentes en cada agrupación comarcal no marco do trimestre obxecto de estudo.

Finalmente, a selección dos establecementos a visitar na agrupación comarcal que se trate determínase de xeito aleatorio para cada trimestre.

Distribución das enquisas no tempo

Posto que as unidades obxecto de investigación son os viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia, e a demanda nestes establecementos está directamente relacionada cos movementos de persoas por "turismo", as enquisas deberán distribuírse no tempo de acordo coas variables temporais con influencia no turismo. Entre elas cabe sinalar o mes do ano ou o tipo de día, xa sexa "normal" ou de "fin de semana ou festivo".

A tipoloxía do mes introdúcese no deseño distribuindo o número trimestral de enquisas por estrato entre os meses do trimestre de referencia de xeito proporcional ao número de viaxeiros non residentes entrados nos establecementos hoteleiros do estrato.

Por outra banda, os días de entrevista deberán distribuírse no tempo de modo que cubran axeitadamente o mes de referencia. Non obstante, e tendo en conta as características da actividade obxecto de investigación, esta distribución deberá ter en conta a tipoloxía do día, establecida entre días "normais" e de "fin de semana ou festivos".

A tipoloxía do día introdúcese no deseño definindo dentro de cada estrato jk (h) o indicador de ocupación relativa fin de semana / mes (m) do trimestre (t) " $fs_{m,jk}$ " que será utilizado na distribución das enquisas asociadas a un mes obxecto de investigación.

$$fs_{m,jk} = \frac{\text{Grado de ocupación por plazas en fin de semana}_{m,jk}}{\text{Grado de ocupación por plazas}_{m,jk}} = \frac{GF_{m,jk}}{G_{m,jk}}$$

A base da utilización deste indicador radica en supoñer que para cada estrato a proporción de enquisas a efectuar en fin de semana debe ser a mesma que a proporción de pernoitas, é dicir,

$$\frac{nf_{m,jk}}{n_{m,jk}} = \frac{Pf_{m,jk}}{P_{m,jk}}$$

Onde,

n = número total de enquisas

nf = número de enquisas en fin de semana

P = número total de pernoitas

P_f = número de pernoitas en fin de semana

E, posto que a definición do grao de ocupación por prazas nun estrato jk (h) está dada por,

$$G_{jk} = \frac{P_{jk}}{N^\circ \text{ días mes} \times (N^\circ \text{ plazas ofertadas})_{jk} + (N^\circ \text{ camas supletorias utilizadas})_{jk}} \cdot 100$$

Expresión que se aproxima mediante,

$$G_{jk} \approx \frac{P_{jk}}{n^\circ \text{ días mes} \times (N^\circ \text{ plazas ofertadas})_{jk}}$$

Establécense de forma aproximada as seguintes expresións:

$$P_{m,jk} \approx G_{m,jk} \times \text{nº días mes} \times (\text{nº plazas ofertadas})_{jk}$$

$$Pf_{m,jk} \approx GF_{m,jk} \times \text{nº días mes fin de semana} \times (\text{nº plazas ofertadas})_{jk}$$

Polo que,

$$nf_{m,jk} = n_{m,jk} \times \frac{Pf_{m,jk}}{P_{m,jk}} \approx n_{m,jk} \times \frac{GF_{m,jk}}{G_{m,jk}} \times \frac{\text{nº días mes fin de semana}}{\text{nº días mes}} = n_{m,jk} \times fs_{m,jk} \times \frac{\text{nº días mes fin de semana}}{\text{nº días mes}}$$

Así, o indicador $f_{sm,jk}$ parece axeitado para realizar a distribución temporal en función da tipoloxía do día entre "normais" e de "fin de semana".

No deseño da distribución das enquisas falta por considerar a influencia da variable que representa os días festivos. Dado que non existe ningunha información relacionada directamente con esta característica, introdúcese no deseño do mesmo xeito que a tipoloxía do día de semana e fin de semana.

A idea está en supoñer que o comportamento destes días é similar, ou polo menos máis parecido, ao dun día de "fin de semana" que a un día "normal", polo que o criterio adoptado é contabilizalos como días de fin de semana e introducilos na formulación anterior.

Así, dentro de cada estrato jk (h), defínese un novo indicador de ocupación relativa mes / fin de semana ou festivos $F_{sm,jk}$, que se calcularía como o anterior

$$fs_{m,jk} = \frac{\text{Grado de ocupación por plazas en fin de semana}_{m,jk}}{\text{Grado de ocupación por plazas}_{m,jk}} = \frac{GF_{m,jk}}{G_{m,jk}}$$

E que se tería en conta no modelo do seguinte xeito:

$$nF_{m,jk} = n_{m,jk} \times \frac{PF_{m,jk}}{P_{m,jk}} \approx n_{m,jk} \times fs_{m,jk} \times \frac{\text{nº días mes fin de semana} + \text{festivos}}{\text{nº días mes}}$$

Onde

nF = número de enquisas en fin de semana e festivos

Cálculo do número de entrevistas

O número teórico de entrevistas mensuais e trimestrais determínase por afixación óptima ou de Neyman aplicando a formulación do deseño dunha mostra estratificada.

Dado o descoñecemento "a priori" da poboación obxecto de estudio para a aplicación do deseño mostral seleccionado empréganse datos procedentes dunha explotación específica da "Enquisa continua de ocupación hoteleira" do ano anterior ao de referencia dos datos, polo que o deseño da mostra é non probabilístico.

Segundo a formulación da afixación óptima de Neyman para mostraxe estratificada, e fixando un nivel de confianza do 95% e un erro de mostraxe relativa máxima do 2,5% para Galicia, e acotando o erro relativo máximo a nivel das provincias e das categorías dos establecementos hoteleiros galegos nun 6,0%, obtense o número de entrevistas "teórico" por estrato.

Dado o criterio do número mínimo de 25 enquisas por establecemento e estrato, o número final de entrevistas trimestrais por estrato será o valor máximo entre o número de enquisas obtido mediante afixación óptima de Neyman e 25 entrevistas. Deste xeito, o número "final" de enquisas a realizar en cada estrato será sempre igual ou superior ao número "teórico".

Distribución das entrevistas nos establecementos

Unha vez determinados os establecementos a visitar, o número final de enquisas a realizar en cada estrato, a súa distribución mensual dentro do trimestre e a distribución mensual segundo a tipoloxía do día establecida en días laborais ou de fin de semana e festivos, tense que proceder a distribución das enquisas nos establecementos seleccionados.

O método empregado para a súa distribución emprega a clasificación dos establecementos en substratos de agrupación comarcal, e parte da construción do valor "nResto_{m,jk}", que representa o número de enquisas mensuais que exceden do mínimo de entrevistas por estrato:

$$nResto_{m,jk} = nFinal_{m,jk} - nMínimo_{m,jk}$$

Sendo

$nFinal_{m,jk}$ = número "final" de entrevistas no estrato jk no mes m do trimestre t de estudio

$nMínimo_{m,jk}$ = número mínimo de entrevistas por estrato no mes m do trimestre t de estudio (número mínimo de 25 enquisas no trimestre).

Pola propia construción do número final de enquisas, este valor será sempre maior ou igual a cero.

O valor $n\text{Resto}_{m, jk}$ distribúese por subestrato de agrupación comarcal proporcionalmente ao número de prazas estruturais dos establecementos a visitar no trimestre de estudio, é dicir:

$$n\text{Resto}_{m, jkh} = n\text{Resto}_{m, jk} \times \frac{P_{t, jkh}}{P_{t, jk}}$$

Onde

$P_{t, jkh}$ número de prazas estruturais do estrato jk e subestrato de agrupación comarcal h no trimestre t

$$P_{t, jk} = \sum_h P_{t, jkh}$$

O reparto realízase en función das prazas estruturais xa que se trata dunha variable directamente relacionada co número de viaxeiros, obxectivo desta investigación, e parece máis axeitado realizar máis entrevistas alí onde se poida atopar un maior número de viaxeiros.

Finalmente, o número de enquisas a realizar en cada establecemento do estrato jk e subestrato h distribúese segundo:

$$n\text{Final}_{m, jkhe} = n\text{Min}_{m, jkhe} + \frac{n\text{Resto}_{m, jkh}}{\text{n}^\circ \text{ establecimentos en } jkh \text{ en el trimestre } t}$$

É dicir, posto que o comportamento dos viaxeiros dos establecementos do subestrato é, a priori, similar, a distribución realízase de forma homoxénea.

Procedemento de estimación

Para as variables de gasto utilízanse os estimadores inesgados de mostraxe estratificado.

Denotando X_h^t á variable "Gasto diario medio por persoa (GDM) no estrato h no trimestre t ", o estimador do gasto diario medio ven dado pola seguinte expresión,

$$\hat{X}^t = \frac{1}{N_t} \cdot \frac{N_{t, h}}{n_{t, h}} \cdot \sum_{i=1}^{n_{t, h}} X_{h, i}^t$$

Onde

$n_{t,h}$ = Número de entrevistas no estrato h no trimestre t

$N_{t,h}$ = Número de pernoitas no estrato h no trimestre t

$$N_t = \sum_h N_{t,h}$$

O estimador para o “Gasto total realizado no trimestre t” é,

$$\hat{X}^t = N_t \cdot \hat{\bar{X}}^t = \frac{N_{t,h}}{n_{t,h}} \cdot \sum_{i=1}^{n_{t,h}} X_{h,i}^t$$

5. Recollida da información

Método de recollida

As enquisas realizaranse mediante entrevista persoal aos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia seleccionados.

Estas entrevistas serán realizadas nos propios establecementos hoteleiros a través dun grupo de entrevistadores que tratarán de obter o número de enquisas mensuais e por tipoloxía do día indicadas no correspondente plan trimestral de traballo.

As especiais características desta operación, na que non existe a posibilidade de contrastar ou comprobar os datos subministrados despois de ser recollidos, aconsellan a recollida dos datos tendo en conta uns criterios de validación e depuración dos datos.

É por iso que as entrevistas realizaranse a través dun cuestionario electrónico instalado en terminais PDA, que incorporará os controis de validación necesarios para garantir a depuración automática da información. Ademais, permitirá a gravación dos datos no mesmo momento da súa recollida e a transmisión practicamente inmediata dos mesmos ao IGE.

Cuestionarios utilizados

Dadas as características desta operación, o cuestionario deseñouse de xeito que recollese aqueles aspectos básicos dos viaxeiros nos que estabamos interesados, sen entrar en grandes desagregacións que nos levaran a un cuestionario demasiado longo.

Ademais, dadas as características da poboación investigada, fixéronse versións do cuestionario en castelán e inglés.

6. Difusión de resultados

Trimestralmente o IGE publica información desta enquisa na súa páxina Web. A continuación expóñense as principais variables de clasificación dos datos publicados.

Conceptos de gasto

Recóllese o dato de gasto total dos viaxeiros non residentes que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia, e a súa desagregación nas seguintes partidas de gasto: paquete turístico, aloxamento e pensión, comida en restaurantes e cafeterías, compras de alimentos en comercios especializados, compras non alimenticias, desprazamentos, ocio e outros

Ámbito xeográfico

Os datos de gasto total e de gasto diario medio por persoa preséntanse con desagregación nas provincias galegas.

O gasto diario medio por persoa se desagregará provincialmente e segundo concepto de aloxamento e pensión, comida en restaurantes e cafeterías, e resto, para os viaxeiros non residentes de Galicia que non adquiren paquete turístico.

Categoría

Preséntanse os datos de gasto total e de gasto diario medio por persoa segundo a categoría dos establecementos nos que se aloxan, considerando 1 e 2 estrelas nun único grupo, 3, 4 e 5 estrelas.

O gasto diario medio por persoa se desagregará segundo categoría e por concepto de aloxamento e pensión, comida en restaurantes e cafeterías, e resto, para os viaxeiros non residentes de Galicia que non adquiren paquete turístico.